

6 Abril de 2015 - Revista 1015

Revista Semanal

da Rede Galega de Información Xuvenil



xuventude.net

EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACION / 3

BOLSAS E AXUDAS / 4

NOVAS DE EMPREGO / 5

EN PORTADA ➔ NOVAS E ACTIVIDADES

Inmersión lingüística en colonias de vacacións para o verán de 2015

Martes, 31 Marzo 2015 06:43



O **Ministerio de Educación** convoca **1.870 axudas** para a participación nunha das colonias de dúas semanas de duración, organizadas durante o **mes de xullo de 2015**, para alumnos de 1º e 2º da ESO.

Estas axudas distribúense en dous grupos:

Primeira quenda para alumnos de 1º da ESO: do 28 de xuño 2015 a 12 de xullo 2015:

- **Grupo I:** 550 axudas de ata 476 €.
- **Grupo II:** 385 axudas de ata 326 €.

Segunda quenda para alumnos de 2º da ESO: do 12 de xullo 2015 a 26 de xullo 2015:

- **Grupo I:** 550 axudas de ata 476 €.
- **Grupo II:** 385 axudas de ata 326 €.

Requisitos:

Para alumnos matriculados en 1º de ESO:

- a. Estar matriculado en centros sostidos con fondos públicos durante o presente curso 2014/2015.
- b. Ter obtido, como mínimo, «notable» como nota media do curso 2013-2014.
- c. Ter obtido, como mínimo, «notable» como nota final na materia de inglés no curso 2013/2014.
- d. Non ter sido beneficiario da axuda en convocatorias anteriores.

Para alumnos matriculados en 2º de ESO:

- a. Estar matriculado en centros sostidos con fondos públicos durante o presente curso 2014/2015.
- b. Ter obtido, como mínimo, «notable (7)» como nota media do curso 2013-2014.
- c. Ter obtido, como mínimo, «notable (7)» como nota final na materia de inglés no curso 2013/2014.
- d. Non ter sido beneficiario da axuda en convocatorias anteriores.

Grupos I e II:

Os solicitantes que a data 31 de decembro de 2014 se encontren nalgunha das seguintes circunstancias, integrarán o denominado **Grupo I:**

- a) Orfandade absoluta do solicitante.
- b) Pertencer a familias nas que algún membro estea afectado de minusvalía legalmente cualificada (en grao superior ao 65% para pai/nai/irmáns do solicitante e superior ao 33% no caso de que a padeza o propio solicitante).
- c) Pertencer a familias nas que o pai, nai ou titor legal encóntrese en situación de desemprego ou teña recoñecida a incapacidade permanente absoluta.
- d) Pertencer a familia numerosa.
- e) Pertencer a familia monoparental.

Os solicitantes que, reunindo os requisitos xerais, non se encontren en ningunha das circunstancias anteriores formarán parte do denominado **Grupo II.**

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **20 de abril de 2015.**

Máis información no BOE do 31 de marzo de 2015 e en www.educacion.es

Xuventude.Novas detalla toda a oferta de actividades da Acción de Verán 2015

Miércoles, 01 Abril 2015 06:34



A revista interactiva **Xuventude.Novas** debulla no seu novo número a oferta de actividades da **Acción de Verán 2015**, que xa convocou a **Dirección Xeral de Xuventude**. Trátase dos campamentos de verán e da reserva das instalacións para entidades e grupos na oferta concertada, que xa se poden solicitar ata o **8 de abril**, e tamén das actividades para maiores de idade, en prazo de solicitude, e dos campos de traballo, que en breve serán presentados con detalle. En conxunto, son centos de prazas para que a xuventude aproveite o seu tempo de lecer en datas estivais, con propostas que poñen o acento no deporte, na cultura, na solidariedade ou no contacto coa natureza.

Xuventude.Novas adianta tamén nesta edición os temas da final do **Parlamento Xove 2015**, que se celebrará o **18 de abril** nas instalacións do **Parlamento de Galicia**. Unha hipotética relación entre a educación recibida nos fogares e a falta de respecto ao profesorado, no caso da categoría de bacharelato, e as causas dunha posible desaparición das salas de cine como forma de ocio, na categoría de secundaria, son as cuestións sobre as que están indagando os equipos finalistas estes días, co propósito de preparar argumentos cos que sorprender os seus rivais e triunfar no certame de oratoria e dialéctica da **Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado**.

Outro dos contidos destacados da revista é unha entrevista con **Beatriz Ventosinos Candame**, gañadora do concurso **Xuventude Crea** na modalidade de carteis. Ventosinos gañou cunha obra na que mestura tipografías e degradados de imaxe para recrear a cara de *San Francisco de Asís*, de modo que a súa percepción varía segundo a distancia á que sexa observado. Unha peza que está na liña do que ela mesma considera como un bo cartel: *"debe chamar a atención, sen excesos pero con eficacia"*, declara.

Dentro da serie de reportaxes sobre os proxectos acometidos ao abeiro da **Iniciativa Xove**, neste mes recóllese a escola de navegación creada pola asociación **'Amigos da Dorna'**, de *Sanxenxo*. É un proxecto que implicou especialmente aos máis novos na recuperación da cultura mariñeira tradicional. Ademais da recuperación de embarcacións tradicionais, serviu para ofrecerlles unha alternativa de lecer durante o verán.

O **Xuventude.Novas** reserva tamén un espazo para as mensaxes gañadoras do concurso **'Lingua de namorar 2015'**, convocado en conxunto pola *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado* e pola *Secretaría Xeral de Política Lingüística*. Curiosamente, os tres primeiros premios das dúas categorías son de autoría feminina. E, xa nas últimas páxinas, a revista dixital ofrece a habitual axenda de concertos e actuacións musicais.

XUVENTUDE.NOVAS

NOVAS FORMACION

OUTROS CURSOS

Xanela Aberta 2015. Renovando a Mirada Glocal

Martes, 31 Marzo 2015 07:46

Setem
aMaRANTE
www.amarantesetem.org

Amarante Setem organiza **Xanela Aberta 2015**. Renovando a **Mirada Glocal**. O territorio como espazo educativo: rumbo a unha **Pedagogía da Terra na Galiza**.

A finalidade do programa é transitar entre a **Educación e o Territorio**, para comprender e repensar o lugar onde vivimos, cales son as problemáticas e cales as posibilidades educativas transformadoras que construímos ou podemos construír en comunidade. O **Xanela aberta** propón, para isto, que ollemos o Territorio coma un espazo educativo con infindas posibilidades, activo e dinámico. Que ollemos o territorio coma un espazo en construción a través da organización social, e valorar o poder dunha **Pedagogía** ligada á terra para o desenvolvemento comunitario.

O **Xanela Aberta** sera un lugar de encontro onde coñecer e compartir experiencias educativas e loita social, da **Galiza ao Brasil co Movemento Sem Terra**.

Xornada I:

25 de Abril. O territorio como espazo organizado dende diferentes dimensións e implicacións socioeconómicas. Problemáticas territorias e educación: cara unha pedagogía da terra.

Xornada II:

9-10 de Maio. A comunidade e o feito educativo como un proxecto socio económico. Coñecemento, convivencia e reflexión no C.D.R O Viso, Lodoselo, Ourense.

Xornada III:

16 de Maio. Análise de experiencias educativas noutros países. Movements pola defensa da terra.

Xornada IV:

6-7 de Xuño. A escola na Galiza como dinamizadora da comunidade e como elemento revalorizador do patrimonio natural e cultural da contorna na que se insire. A experiencia do CPI Virxe da Cela.

Para máis información:

Correo-e: educacion@amarantesetem.org

Teléfono: 986 848 159

www.amarantesetem.org

Curso monográfico de contacontos

Mercres, 01 Abril 2015 06:16

Monográfico de contacontos

DIRECCIÓN A:
- Poboación en xeral

DATAS: 25 e 26 de abril
DURACIÓN: 16 HORAS
HORARIO:
Sábado e domingo
de 10:00 a 14:00
e de 16:00 a 20:00
PREZO: 40€*

*Estudantes, voluntarios/as, socios/as, desempregados/as (20€)

Matriculación e información:
Cruz Vermella
Santiago de Compostela
Av. De Lugo s/n
15700

www.formation.cruzvermella.org
Tlfno: 981 56 69 69



Cruz Vermella de Santiago de Compostela organiza un curso monográfico de contacontos.

Datas: 25 e 26 de abril.

Duración: 16 horas.

Horario: Sábado e domingo de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00.

Prezo: 40€. Estudantes, voluntarios/as, socios/as, desempregados/as: 36€

Máis información:

Cruz Vermella Santiago de Compostela


Av. de Lugo s/n

www.formacion.cruzvermella.org

Teléfono: 981 586 969

Musicoterapia, Ludotecas e Ocio inclusivo

Mercores, 01 Abril 2015 09:47



Recursos Escola de Tempo Libre convoca os seguintes cursos:

MUSICOTERAPIA

Duración: 30 horas teórico prácticas (semipresencial)

Presenciais: 15 horas

Prezo: 100 € (pide información dos descontos)

Horario: martes de 16:00 - 21:00 en Santiago de Compostela

Datas: Clases presenciais Martes 14, 21 e 28 de abril

XESTIÓN E ORGANIZACIÓN DE LUDOTECAS

Modalidade: en liña

Duración: 100 h (+ 50 horas de prácticas, opcional)

Prezo: 160 € (pide información dos descontos)

Datas: do 7 de abril ó 7 de xuño

Próxima convocatoria: 6 de outubro

OCIO INCLUSIVO

Modalidade: en liña

Duración: 100 h (+ 50 horas de prácticas, opcional)

Prezo: 160 € (pide información dos descontos)

Datas: do 7 de abril ó 7 de xuño

Próxima convocatoria: 6 de outubro

Máis información en Recursos Escola de Tempo Libre. Teléfono 981 558 374

<http://formacionytrabajo.com/formacion2/escuela-de-tiempo-libre/escuela-de-tempo-libre/gmx-niv267.htm>

BOLSAS E AXUDAS ➔ OUTRAS

Axudas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero

Mercores, 01 Abril 2015 07:31



A *Secretaría Xeral da Igualdade* convoca **axudas dirixidas a mulleres vítimas de violencia de xénero** que residen na *Comunidade Autónoma de Galicia*.

Requisitos:

Ser muller, maior de idade ou emancipada, vítima de violencia de xénero nunha relación de convivencia e de dependencia económica.

Ter cesado a convivencia co agresor no intervalo temporal que comprende os doce (12) meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude.

Estar empadroada e residir na *Comunidade Autónoma de Galicia* e, no caso das mulleres estranxeiras, ter permiso de residencia.

Ter especiais dificultades para obter un emprego, que se acreditará a través do informe do *Servizo Público de Emprego*.

Carecer de dispoñibilidade de recursos económicos ou ser de contía insuficiente para afrontar unha independencia inmediata do seu agresor e/ou dispoñer dunhas rendas ou ingresos brutos mensuais iguais ou inferiores a 1,5 veces o *IPREM* vixente.

O **prazo** de presentación de solicitudes rematará o **31 de outubro de 2015**.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento **SI434A**.

Máis información no DOG do 1 de abril de 2015, en www.mulleresengalicia.es e no teléfono 981 957 699.

NOVAS DE EMPREGO

EMPREGO PUBLICO

Convocadas 6 prazas de policía local no Concello de Sant Joan Despí (Barcelona)

Mercores, 01 Abril 2015 10:57

As prazas son convocadas, polo sistema de **concurso-oposición**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no **Diario Oficial de Cataluña**.

Máis información BOE do 31 de marzo de 2015. www.boe.es

Convocadas 2 prazas de policía no Concello de Ferrol (A Coruña)

Mercores, 01 Abril 2015 10:58

As **prazas de policía da subescala de servizos especiais**, son convocadas polo sistema de oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días**, desde a publicación no BOE.

Máis información BOE do 31 de marzo de 2015. www.boe.es

Convocadas 13 prazas de profesores de música e artes escénicas

Mercores, 01 Abril 2015 11:04

A **Consellería de Educación de Murcia**, convoca estas **prazas de profesor de música e artes escénicas**.

Máis información BOM do 23 de marzo de 2015. www.bom.es

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **13 de abril de 2015**.

Convocadas prazas de profesores na Escola Oficial de Idiomas

Mercores, 01 Abril 2015 11:05

A **Consellería de Educación de Murcia**, convoca **6 prazas de profesor de alemán, chino e inglés**.

Máis información BOM do 23 de marzo de 2015. www.bom.es O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **13 de abril de 2015**.

Convocadas 43 prazas de profesores técnicos de FP

Mercores, 01 Abril 2015 11:06

A **Consellería de Educación de Murcia**, convoca **43 prazas de profesor técnico de formación profesional**.

Máis información BOM do 23 de marzo de 2015. www.bom.es O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **13 de abril de 2015**.

Convocadas 98 prazas de profesor de ESO

Mercores, 01 Abril 2015 11:08

A **Consellería de Educación de Murcia**, convoca **98 prazas de profesor de ensinanza obrigatoria de diversas asignatura**.

Máis información BOM do 23 de marzo de 2015. www.bom.es O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **13 de abril de 2015**.

Convocadas prazas de auxiliar administrativo e ujier no parlamento vasco

Mercores, 01 Abril 2015 11:09

As **prazas convocadas son 5 de ujier e 4 de auxiliar administrativo**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **30 de abril de 2015**.

Máis información BOPV do 1 de abril de 2015.

Convocadas 117 prazas de administrativo na Comunidade de Aragón

Mercores, 01 Abril 2015 11:10

As **prazas convocadas polo Goberno Autonómico de Aragón**, son polo procedemento de oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **27 de abril de 2015**.

Máis información BOA do 31 de marzo de 2015. www.boa.es

Convocadas 14 prazas de axentes da protección da natureza na Comunidade de Aragón

Mercores, 01 Abril 2015 11:10

As **prazas convocadas polo Goberno Autonómico de Aragón**, son polo procedemento de oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **27 de abril de 2015**. **Máis información BOA do 31 de marzo de 2015.** www.boa.es

Convocadas 1000 prazas de mestres na Junta de Andalucía

Mercores, 01 Abril 2015 11:13

As **prazas son convocadas para diversas especialidades**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **20 de abril de 2015**.

Máis información BOJA do 32 de marzo de 2015. www.boja.es

Convocadas 188 prazas de mestres na Comunidade Asturiana

Mercores, 01 Abril 2015 11:14

A **Consellería de Educación, Cultura e Deporte de Asturias**, convoca estas prazas polo sistema de concurso-oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **20 de abril de 2015**.

Máis información BOA do 30 de marzo de 2015.

Prácticas no Parlamento Europeo para persoas con discapacidade

Mercores, 01 Abril 2015 11:15

Convocadas estas prácticas de **5 meses de duración para persoas tanto graduadas universitarias**, como con calificacións por debaixo do nivel universitario.

Os **prazos** de solicitudes son ata o **15 de maio e ata o 15 de outubro**.

Máis información tfno: 914364730 e www.europarl.europa.eu

Convocadas 5 prazas do Grupo A1 e A2, no Concello de Tarifa (Cádiz)

Luns, 06 Abril 2015 08:20

As prazas convocadas por concurso-oposición son: **1 de asesor xurídico, 1 de técnico de admon. especial, 1 de traballador social, 1 de enxeñeiro técnico e 1 de arquitecto técnico**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 3 de abril de 2015. www.boe.es

Convocada 1 praza de traballador social temporal no Concello de Ourense (Lugo)

Luns, 06 Abril 2015 08:22

Convocada esta praza polo sistema de concurso, para **unha xornada completa de substitución dunha baixa**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **7 días hábiles**, contados a partir da publicación no bopl do **1 de abril**.

Máis información www.deputacionlugo.org

NOVAS DE EMPREGO

EMPREGO PRIVADO

Torner@-fresador@CNC Vilagarcía de Arousa

Mercores, 01 Abril 2015 08:09

Nortempo ETT selecciona para empresa sita en **O Salnés torner@-fresador@**.

Ser require unha experiencia mínima de cinco anos.

Tipo de contrato de duración determinada.

Xornada completa.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/torner-fresador-cnc/pontevedra/1778761/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=profesionales-artes-y-oficios&utm_term=pontevedra

Técnico mantemento electricidade e electrónica

Mercores, 01 Abril 2015 08:16

Praza de técnico de mantemento electricidade e electrónica para **importante empresa de Vilagarcía de Arousa**.

Para mantemento preventivo e reparación de averías de grúas portainer e maquinaria dunha terminal portuaria.

Se requiren coñecementos de alta e baixa tensión. Corriente alterna e continua.

Coñecemento de autómatas.

Carácter proactivo.

Contrato indefinido. Xornada completa e salario de 18000 euros/ano.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/tecnico-de-mantenimiento-electricidad-y-electronica/pontevedra/1705455/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=ingenieria-y-produccion&utm_term=pontevedra

Controlador de accesos Vilagarcía (Pontevedra)

Mercores, 01 Abril 2015 08:26

Norintegra Centro Especial de Empleo, selecciona **persoal con discapacidade para Vilagarcía de Arousa**.

Postos vacantes 2.

Funcións de control de accesos.

Preferiblemente carné de carretilleiro.

Xornada parcial.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/controlador-accesos/pontevedra/1752044/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=profesionales-artes-y-oficios&utm_term=pontevedra

Campaña primavera. Promoción A Coruña

Mercores, 01 Abril 2015 08:36

Empresa de marketing e publicidade selecciona **cinco postos para xóvenes en promocións con inicio de campañas**.

Incorporación inmediata e xornada completa semanal.

Se require boa imaxe. Non se require experiencia.

Se realizarán promocións de novos lanzamentos en A Coruña e arredores.

Se require ser maior de 18 anos e residencia en A Coruña e cercanías.

Traballo por campaña.

Xornada completa semanal ata as 19 hrs.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/campanna-primavera-promocion/a-corunna/1787379/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=comercial-ventas&utm_term=a-corunna

Promoción e Vendas. A Coruña

Mercores, 01 Abril 2015 08:41

Oferta de emprego como promoción e vendas en **empresa local intermediaria de servizos e comercio**, A Coruña.

Dúas prazas.

Para representar e colaborar con diferentes marcas conocidas a nivel nacional. Funcións de atención e asesoramento.

Dispoñer a xornada completa de luns a venres ata as 19 hrs.

Incorporación inmediata.

Xornada completa.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/promocion-y-ventas/a-corunna/1787015/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=comercial-ventas&utm_term=a-corunna

Especialista en atención ó cliente. Vigo

Mercores, 01 Abril 2015 08:46

LA FE compañía de seguros, selecciona unha persoa para atención ó cliente para Vigo.

Función dentro do departamento de asistencia.

Capacidade de establecemento de relacións proveitosas cos nosos clientes.

Se require empatía cos clientes.

Desenvolvemento de carreira profesional en FE Seguros.

Contrato laboral indefinido.

Xornada laboral completa.

http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/especialista-en-atencion-al-cliente/pontevedra/1778853/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=atencion-al-cliente&utm_term=pontevedra

Ofertas Servizo Público de Emprego 03/04/2015

Luns, 06 Abril 2015 06:42

Profesores da área de linguas estranxeiras (ensino secundario)

- Localidade: Cerceda (A Coruña)

- Nº oferta: 12/2015/2363

- Data: 03/04/2015

- Requisitos: monitor/a instructor/a de inglés. Contrato temporal de 15 hrs. semanais no verán e de 20 en setembro.

Pinches de cociña

- Localidade: Meaño (Pontevedra)

- Nº oferta: 12/2015/2469

- Data: 03/04/2015

- Requisitos: necesítanse pinches de cociña.

Camareiros/as de sala ou xefes de rango

- Localidade: Meaño (Pontevedra)

- Nº oferta: 12/2015/2471

- Data: 03/04/2015

- Requisitos: necesítanse camareiros/as de sala ou xefes de rango.

Camareiros, en xeral

- Localidade: A Coruña

- Nº oferta: 12/2015/2652

- Data: 03/04/2015

- Requisitos: necesítanse camareiros/as.

Camareiros/as, en xeral

- Localidade: Pontevedra

- Nº oferta: 12/2015/2760

- Data: 03/04/2015

- Requisitos: necesitanse camareiros/as con experiencia.

Carpinteiros/as de aluminio, metálico e PVC

- Localidade: Camariñas (A Coruña)

- Nº oferta: 12/2015/2870

- Data: 03/04/2015

- Requisitos: necesitanse carpinteiros/as de aluminio, carné de conducir.

Técnicos/as en control de calidade, en xeral

- Localidade: Vigo (Pontevedra)

- Nº oferta: 12/2015/2902

- Data: 03/04/2015

- Requisitos: especialista en visión artificial (licenciado/a en enxeñería, física, matemáticas ou semellante) alto coñecemento en desenvolvemento con librerías Matrox, Cognex, Halcon, OpenCV ou semellante.

Máis información no 012 e en <http://emprego.xunta.es/cmspro/contido/botones/ofertasEmpleo/>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de
Xuventude e Voluntariado



xuventude.net